

CONFERENCIA Máis de 1.200 millóns de persoas, sobre todo en África, ven perigar os seus medios de subsistencia pola degradación da terra

A ameaza dos desertos

Madrid reunirá estes días representantes de 191 países de todo o mundo para tentar buscar unha solución

Efe - Madrid

Representantes de 191 países reuniránse en Madrid entre o 2 e o 14 de setembro para impulsar medidas para combatir a desertificación, un problema que afecta por centos de millóns a persoas en todo o mundo, sobre todo de África.

Durante eses días Madrid será sede da Oitava Conferencia das Partes (COP 8) asinantes do Convenio de Loita Contra a Desertificación de Nacions Unidas (CNUD), nas súas siglas en inglés), considerado a peza central dos esforzos internacionais para loitar contra a desertificación e a degradación de terras.

Segundo os últimos datos feitos públicos pola ONU, esa degradación axixa a máis de 1.200 millóns de persoas no mundo e está ademais directamente ligada ó fenómeno do cambio climático e o quecemento global do planeta. A desertificación provoca unha diminución da superficie cultivable e dos bosques, así como unha redución da auga dispónible, efectos que redundan no aumento da pobreza e nas migracións masivas.

A Conferencia da ONU, que se celebrará no Palacio de Exposicións e Congresos de Madrid, será inaugurada o 3 de setembro polos Príncipes de Asturias.

As negociações prolongaranse durante dúas semanas e está prevista a asistencia dunhas 2.000 per-



O deserto de Loumpoul, en Senegal, é fértil aínda en algunas zonas, pero medra en tamén anua mente

• DATO

Dous anos da última xuntanza

España ofreceuse para albergar a oitava Conferencia das Partes asinantes do Convenio contra a Desertificación das Nacions Unidas durante a última reunión deste órgano, que se celebrou en Nairobi en 2005. O encontro multilateral estará organizado polo Goberno español, a través do Ministerio de Medio Ambiente co apoio do Ministerio de Exteriores e Cooperación, e pola Secretaría da CNUD.

soas procedentes dos 191 países que asinaron o Convenio de Loita contra a Desertificación, de diferentes axencias e programas das Nacions Unidas, de organizacións intergovernamentais e de organizacións non gobernamentais.

Unha reforma tras más de trece anos de existencia

En Madrid, e tras máis de trece anos desde que naceu o Convenio de Loita contra a Desertificación da ONU, a comunidade internacional debatrá unha reforma da propia Convención co fin de incluir medidas que fagan más efectiva a loita contra este fenómeno. Tras a inauguración e as sesións técnicas que se

celebrarán na Conferencia, os días 12 e 13 de setembro terán lugar as encontros de "alto nivel", nas que estarán os ministros responsables de Medio Ambiente dos países representados para debater sobre Desertificación e adaptación ó cambio climático.

Coincidindo coa Conferencia celebrase en Madrid unha Mesa Redonda de Parlamentarios no Congreso dos Deputados para intercambiar opiniões sobre o desenvolvemento sostible e a desertificación. Porén, o problema da desertificación, que se fai máis acuciante a medida que avanzan os efectos do cambio climático, non ten aínda unha solución válida. •

Volve Garbage cun recopilatorio

Levan dous anos de separación temporal e, ante as afastadas perspectivas dun quinto álbum, os estadounidenses Garbage lanzan a semana próxima *Absolute Garbage*, un recompilatorio onde recollen todos os seus éxitos e engaden, nunha edición especial, mesturas realizadas polos máis relevantes DJ's dos 90.

"Antes de lanzar un novo álbum temos que sentar a decidir cara a que dirección se dirixe o grupo, como seguir adiante e definir as nosas fronteiras, que en definitiva foi unha das razons do noso parón", explica Shirley Manson, a andróxena e icónica imaxe do cuarteto.

O álbum, publicado por Warner, sae á venda o 28 de agosto e recolle as 16 cancións más coñecidas da banda, como *I think I'm paranoid*, *Push it*, e *I'm only happy when it rains*, é un novo tema, *Tell me where it hurts*.

Esta canción inédita está "pensada para os fans, do mesmo xeito que o resto do proxecto", e está inspirada en todas as películas "de ambiente enrarecido que proliferaban na década dos 60", en especial *Belle de jour*, o clásico de Luis Buñuel con Catherine Deneuve, cuxa estética tamén inunda o videoclip do single de presentación deste *Absolute Garbage*. • EFE

Xosé Lois García De 'No imo do tempo'

ELECTRA pastoreando o brillo dos rabaños agredidos pola poeira do memorando.

Ollada mansa na sílaba do murmurio, en beiramar de Argos


Agamenón xacía,

Electra, en cálido ritmo facial, respiraba a solemnidade das ofrendas, ignorando o destino das aves brancas demoradas no verde claro da nube.

EN BREVE

Unha estudiante atopa un chicle do neolítico en Finlandia

Un chicle neolítico dunha 5.000 anos de antigüidade foi descuberto por unha estudiante británica de Arqueoloxía en Finlandia. O nome neolítico utilizaba ese tipo de goma de mascar feita de cortiza de bidueiro para curar as "infeccións de enxivas" debido ás súas propiedades antisépticas, explicou o Trevor Brown, tutor da alumna na Universidade de Derby.



O diario de Ana Frank

O musical sobre Ana Frank busca protagonista na rede

El diario de Ana Frank. Un canto a la vida, musical que se estreará en España o próximo mes de febreiro do 2008, comeza a selección da súa protagonista a través de internet, nunha iniciativa pioneira, segundo os seus organizadores. As aspirantes deben presentar na páxina web www.eldiariodeanafrank.es un vídeo no que interpreten algúna das pasaxes da obra.



O director teatral

Calixto Bieito adapta 'Tirant lo Blanc' á realidade actual

Calixto Bieito ultima en Barcelona o espectáculo que presentará na Feira do Libro de Fráncfort sobre *Tirant lo Blanc*, no que unha organista cega imaxinará o protagonista namorado dunha muller do futuro, segundo explicou a Efe o director teatral. O espectáculo será un "retablo ou cantata sobre a vida e a morte" no que Tirant se enfrenta á realidade actual.

'Ben cho Sei' homenaxeoa os capadoreos ourensáns

A asociación cultural Ben cho Sei entrególle onte en Ourense a súa insignia e unha placa conmemorativa ós capadoreos que se atopaban no Pazo de Santo Estevo. Un dos antigos cabadoreos, José Antón Fontes, explicou que este oficio foi un dos máis rendiblés porque mentres "nun traballo algúns cobraban 60 pesetas, nós cobrábamos 60 pesetas por animal".